

Ideas sen explicar ou sen referirse a leis físicas

Newton e Kepler explican o movementos dos planetas (sen dicir como o fan)

A conservación do momento angular ($L = r \wedge p$) en campos centrais débese a que $p = mv$. Pola 2ª lei de Newton, a forza fai que p varíe na súa dirección, e ao ser esta central, o produto vectorial de Δp con r será nulo (por ser dos vectores centrais paralelos), o mesmo que ΔL , co que L non variará.

Ao diminuír as fontes, diminúe o campo (se é debido a facer unha superficie gaussiana de menor raio, hai que ter en conta tamén este efecto)

A E_p diminúe cando nos achegamos a un planeta (sen indicar que a forza do campo apunta hacia os potenciais decrecentes)

A enerxía disípase por efecto da forza de rozamento (sen indicar que, ao ir esta contra a dirección do movemento, o produto escalar $W = F \cdot e$ será negativo)

Falar dunha esfera interna de fontes (como se desaparecesen as do exterior) en lugar dunha superficie de Gauss

O traballo é + cando o campo atrae á partícula (sen referencia ao produto escalar de $F \cdot e$, nin á variación da E_t)

Necesítase algún potencial para poder transportar unha carga dende o interior ao exterior dun condutor cargado (o potencial xa o produce o campo, o que se necesitaría sería unha forza externa que producise o traballo necesario para vencer a diferenza de potencial)

Carga eléctrica movéndose paralelamente a un campo magnético: non se desvía (sen facer referencia á forza de Lorentz)

Non ter en conta que o plano dun círculo máximo pasa sempre polo centro da esfera terrestre, o mesmo que o plano dunha órbita calquera